

## Exercicio:

### Para pensar...

Que é o traballo e para que serve?

Como se clasifican os traballos?

De onde obtemos os alimentos que comemos?

De onde veñen os obxectos que usamos no día a día, o lapis, por exemplo?

En que sector traballa o condutor ou condutora do autobús?

Cal é o sector económico do noso territorio no que traballa máis xente?

Pensa un momento no que queres ser de maior... a que sector pertence o teu futuro traballo?

Agora comparade os de toda a clase, que sector gaña?



Primaria

Creando Rural

ESCOLA EU RURAL


# Unidade

# 3

## Os sectores económicos

[www.creandorural.org](http://www.creandorural.org)

Investigación



Clima



Traballo

Saúde



Cultivo



Paisaxes




Tecnoloxía



Animais




# Os sectores económicos



Xa sabemos que no noso territorio vive moita xente, arredor de 162.660 persoas

As persoas que traballan denomínanse POBOACIÓN ACTIVA



**10%**  
poboación activa

Traballa no sector primario.

## Que é un sector económico?

Os traballos son as actividades que as persoas realizan para conseguir un soldo. Cando falamos dos diferentes tipos de traballo que se poden desenvolver, clasificámoslos por sectores económicos. Polo tanto, un sector económico **é a división ou clasificación dos traballos.**

### Sector primario:

Actividades que obteñen materias primas directamente da natureza (agricultura, gandería, forestal).



### Sector secundario:

Actividades que transforman as materias primas en produtos para consumir (industria, construción).



### Sector terciario:

Actividades que ofrecen servizos (comercio, turismo, transporte).



**25%**  
poboación activa



Dedícase ao sector secundario.



**65%**  
poboación activa

Traballa no sector terciario de servizos.

## No noso territorio...

Para saber o número de persoas que traballan nas diferentes actividades do medio rural, contámolas por sectores económicos.

## Que sector é máis importante?

Non hai un sector máis importante que outro, **todos cumpren unha función.** Pero si hai algunhas actividades do noso territorio nas que traballa máis xente, como por exemplo a agricultura no sector primario, a industria da alimentación no secundario e comercios e tendas no terciario.